



A/A: DIRECCIÓN XERAL DE ORDENACIÓN PROFESIONAL,

Ministerio de Sanidade, Consumo e Benestar Social

Paseo del Prado, 18, 28014 Madrid

O goberno español publicou no BOE o 4 de decembro de 2020 a Orde SND/1158/2020, do 2 de decembro, pola que se aproba a oferta de prazas e a convocatoria de probas selectivas 2020 para o acceso no ano 2021, a prazas de formación sanitaria especializada para as titulacións universitarias de grao/licenciatura/diplomatura de Medicina, Farmacia, Enfermería e ámbito da Psicoloxía, a Química, a Bioloxía e a Física.

A preparación para este exame por parte dos graduados nos diferentes ámbitos é de varios meses e mesmo anos de duración. A asistencia a un exame está suxeita a variables persoais non coñecidas e que poden afectar a calquera persoa, sendo moi difícil contemplar todas as posibilidades na realización dun exame como este, pero a situación de pandemia actual introduce un risco imprevisible de ser positivo para o SARS- CoV-2 ou ser un contacto estreito, que obrigue a un illamento de dez días e impida a realización do exame, aínda cando a súa situación física lle permitise asistir ao mesmo.

É posible e desexable facer a previsión organizativa de acondicionar unha aula tanto para examinandos COVID-19 positivos como para contactos en cada unha das sedes presenciais xa que é lóxico pensar que varias das persoas que acudan a este exame estarán nesa situación o próximo 27 de marzo, a data do mesmo.

CIG- Saúde solicita ao Ministerio de Sanidade, Consumo e Benestar Social que prepare aulas para que as persoas que estean en illamento tanto por padecer a infección por SARS- CoV-2 como por ser contactos estreitos con persoas positivas para este virus, e poidan fisicamente asistir ao exame, o realicen sen risco para o resto de examinandos e evitar que perdan a oportunidade de presentarse ao mesmo despois de tantos meses de estudo.

Compostela, 11 de decembro de 2020

M^a Xosé Abuín Álvarez
Secretaria Nacional CIG-SAÚDE

Telf.: 662 31 29 58

secretarianacional@cig-saude.gal